



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

Expediente nº: 2023/C006/000001
Procedemento: Concesión de servizos
Asunto: Xestión do albergue de Mañón.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O obxecto da contratación é a xestión do albergue de Mañón.

O albergue está inscrito no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia como albergue turístico de 2ª categoría

A promoción da actividade turística de interés e ámbito local é unha das competencias propias a exercer polos municipios.

O pilar fundamental para o exercicio desta competencia é a necesidade de poñer en valor o turismo para activar a economía do Concello.

Partindo desta competencia, coa adxudicación do contrato preténdese satisfacer a finalidade pública de ofertar servizos de calidade ás persoas que visitan o municipio, fomentar o contacto coa natureza, posibilitar a adecuada utilización do ocio e do tempo libre, así como fomentar e facilitar a convivencia social.

O Concello non conta con medios materiais e humanos necesarios para a prestación do servizo, polo que se fai preciso convocar a súa xestión externa, xa que doutro xeito, sería inviable o seu normal funcionamento.

Asimesmo, atendendo á proximidade da temporada estival e para atender adecuadamente o servizo público é necesaria a tramitación urxente do procedemento.

En virtude do exposto, ó abeiro dos artigos 156 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, convócase procedemento aberto por tramitación urxente, de conformidade cos pregos administrativos e de prescricións técnicas que se incorporan ó expediente.

En Mañón, coa data da sinatura electrónica.

O Alcalde

Alfredo Dovale Pedreira.